



RESOLTA AS QUEIXAS SOBRE O CONCERTO DE BRUCE EN SANTIAGO.....1



RECOMENDACIÓN PARA DOTAR DE CELADORES AO HOSPITAL DO BARBANZA.....2



O VALEDOR ENTREGARÁ O SEU INFORME 2009 O PRÓXIMO 15 DE MARZO AO PARLAMENTO2

Número 17. Marzo 2010. Publicación mensual. Edición galego. Gabinete Comunicación do Valedor do Pobo.

Valedor do Pobo

A RESPONSABILIDADE DO CONCELLO DE SANTIAGO EN MATERIA DE SEGURIDADE DURANTE O ESPECTÁCULO QUEDA SEN ACLARAR

Queixas recibidas en febreiro: 275 Escritos salentes: 1120 Entrantes: 629

Benigno López González entende que os dereitos dos consumidores quedan garantidos co pagamento de danos e prexuízos proposto no procedemento arbitral que permanece aberto.

El Valedor resolve as 71 queixas que os cidadáns presentaron polos incidentes rexistrados no concerto de Bruce Springsteen

As actuacións emprendidas pola Administración permitiron ao Valedor do Pobo resolver os máis de 70 expedientes de queixa abertos tras os presuntos incidentes coa organización e seguridade no concerto de Bruce Springsteen celebrado o 2 de agosto pasado no Monte do Gozo de Santiago. Na maior parte dos casos os afectados centrábanse en reivindicar os seus dereitos como consumidores. A existencia dunha proposta de sanción á empresa distribuidora así como a posibilidade de que os reclamantes consigan arranxos amigables relativos aos danos e prexuízos ocasionados, medidas previstas polo Instituto Galego de Consumo, fan que Benigno López deduza que "a actuación da administración neste concreto ámbito parece axeitada". Non acontece o mesmo co referido ás cuestións de seguridade y control del acceso al recinto, nas que

a investigación do Valedor implicou tanto ás Consellerías de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza; á Consellería de Cultura e Turismo (como titular do recinto) e mesmo ao Concello de Santiago; co obxecto de aclarar as responsabilidades. Este último, nos dous informes remitidos ao defensor galego, "deixa de aclarar a súa actuación no tocante á organización e despregamento do efectivo de protección civil ou as medidas esixidas polo incremento de aforamento", segundo recolle o texto remitido aos interesados. O ente local limita as súas competencias ao tráfico e ao transporte ao Monte do Gozo e ao "acompañamento do artista dende o aeroporto de Lavacolla ata o recinto do concerto" un aspecto que, cando menos, "resulta rechamante" ao Valedor do Pobo, tal e como expresa no seu escrito.



Sede do Valedor do Pobo na Rúa do Hórreo de Santiago



Toma de posesión do Síndic de Greuges catalán

O Valedor do Pobo, Benigno López González, participou no Parlamento catalán no acto de toma de posesión de Rafael Ribó como Síndic de Greuges de Cataluña, posto para o que resultou reelixido o pasado dez de febreiro por 117 votos a favor, superando a maioría de tres quintas partes necesarias para a súa designación. Xunto ao Valedor do Pobo desprazáronse á localidade catalá altos comisionados do resto das comunidades para brindar apoio a Ribó, que ocupaba o posto de Síndic dende o 1 de xullo de 2004 e exercía o cargo en funcións dende o pasado 2 de xullo.



O Valedor do Pobo, Benigno López, no seu despacho

Recomendación do Valedor para que se creen prazas de celadores no Hospital do Barbanza

Benigno López González insta á Consellería de Sanidade a crear prazas específicas de celadores no recinto para evitar que os auxiliares de enfermaría realicen esas funcións.

A institución do Valedor do Pobo recibiu neste primeiro trimestre do ano un total de doce queixas que fan referencia á carencia de celadores no Hospital do Barbanza, o que provoca, segundo membros do persoal deste, que os auxiliares de enfermaría e servizos xerais se vexan obrigados a asumir as funcións de trasladar os pacientes ás probas, de entregar documentación ou recibir material, entre outras, como propias.

Nun escrito remitido á xerencia do Servizo Galego de Saúde da Consellería de Sanidade, o Valedor

do Pobo insta a este departamento a aportar unha solución ao problema, dado que o centro carece de personal con categoría de celador, dato confirmado dende ese departamento. Na súa recomendación insta a que "se dispoñan todas as actuacións necesarias para que no Hospital do Barbanza se creen as correspondentes prazas de celadores co fin de evitar que os auxiliares de enfermaría que presten os seus servizos neste realicen funcións distintas das que lles corresponden [...]".

Queixa de oficio sobre a calidade da auga en Lugo

O Valedor do Pobo abriu en febreiro unha queixa de oficio a causa das múltiples informacións recibidas acerca da inaptitude da auga para o consumo no termo municipal durante varias xornadas. Unha vez solicitado o informe ao Concello, remitiuse un escrito da farmacéutica municipal no que se facía eco das análises realizadas durante as xornadas dos días 11 e 12 de febreiro, mostrando que a "turbidez" observada días previos se encontraba por debaixo dos límites legais. A queixa foi arquivada o pasado 4 de marzo.

:: PRESENTACIÓN DO INFORME 2009.

O Valedor entregará o próximo luns 15 de marzo á Presidenta do Parlamento de Galicia, Piar Rojo, o seu Informe Ordinario correspondente ao exercicio do 2009, cumprindo, deste modo, co seu desexo de expoñer a memoria no primeiro trimestre do ano, para que os problemas denunciados resulten máis próximos.



:: QUEIXA EN SERIE

Durante o mes de febreiro, o Valedor do Pobo recibiu máis de setenta queixas cidadás, promovidas dende a organización SOS Courel, para solicitar a súa mediación ante a Consellería de Sanidade para dotar de persoal médico á declarada "Zona de Montaña". As iniciativas foron aceptadas e proseguen a súa tramitación habitual.

A CITA: "O Ombudsman maniféstase como un espazo propicio para levar adiante accións tendientes a promover o adiamento en todas as esferas da vida pública e privada, asumindo o seu compromiso contra a inxustiza e a desigualdade, e contribuíndo á construción de relacións máis igualitarias, solidarias e respectuosas dos dereitos humanos." (COMUNICADO DA REDE DE MULLERES DA FEDERACIÓN IBEROAMERICANA DE OMBUDSMAN, CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER)



DE INTERESE

VISITA Á INSTITUCIÓN

Un grupo de vinte alumnos da Facultade de Dereito da Universidade de Vigo participaron o pasado 5 de marzo nunha visita guiada á sede da institución.

OBRADOIROS

Unha representación do Valedor do Pobo desprazárase nos

próximos meses a Murcia, Pamplona e Zaragoza para participar nos obradoiros preparatorios das Xornadas de Coordinación de Defensores que este ano organizará a Defensora de A Rioxa.

CAMPAÑA DE MENORES

A institución prepara unha campaña de divulgación dos

dereitos dos menores entre os centros escolares de Infantil e Primaria da comunidade. A iniciativa consistirá na entrega de carteles ilustrativos aos centros para que os colguen en zonas visibles a este grupo de poboación. A iniciativa extenderase a centros públicos, privados e concertados de Galicia.

Valedor do Pobo de Galicia.

Rúa do Hórreo 65.
Santiago de Compostela.
www.valedordopobo.com